

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “ CAMBADOS RUTA XACOBEA CAMIÑO DE SANTIAGO”

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo concello de CAMBADOS subvencionado pola antedita consellería, baixo o nome de

“CAMBADOS RUTA XACOBEA CAMIÑO DE SANTIAGO”

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de XARDINERÍA- FORESTAL.AGAO0108/AGAR0309. Nivel 1

10 prazas na especialidade de ALBANELERÍA . EOCB0109/EOCB0208. Nivel 1

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados polo grupo de traballo mixto serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses)

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

.a) REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das



ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.
2. Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, e estar preseleccionado pola Oficina de Emprego de Cambados.
3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) REQUISITOS PREFERENTES:

- Persoa que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Emigrantes retornados
- Mulleres.
- Mulleres vítimas de violencia.
- Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

NOTA: Terán prioridade absoluta as mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. A participación noutro programa mixto de emprego e formación.
4. Falsear os datos do cuestionario.
5. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.



Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

a) Oferta de emprego

A oferta de emprego , para cubrir os os postos dos dous módulos formativos será presentada ante a Oficina de Emprego de Cambados, que remitirá os candidatos preseleccionados para participar no proceso de selección, o **amparo do previsto no Artigo 11 da mencionada Orde.**

ÁMBITO XEOGRÁFICO: o ámbito xeográfico do Concello de Cambados

De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) REQUISITOS ALUMNOS: os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: 3 por posto, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª.**

1. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, (Anexo II) e Declaración Xurada (Anexo III), xunto coa copia imprescindible dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).
- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).
- No caso de estar percibindo algunha tipo de prestación por desemprego, acreditación da data de solicitude e a data de finalización do percibo da prestación (copia da solicitude onde figure o período de prestación e tipo de prestación)

A estes efectos o prazo establecido para a presentación das solicitudes publicitarase na sede electrónica do Concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) para o coñecemento dos/as aspirantes.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procederase á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, fixándose o prazo para formular se fose o caso alegacións, publicándose no taboleiro de anuncios do concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Oficina de Emprego de Cambados.



3. Rematado o prazo de alegacións e resoltas se fose o caso as alegacións formuladas, publicarase do mesmo xeito e a relación definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non existir aspirantes excluídos a lista provisional elevarase a definitiva de forma automática.

O sistema de selección será a de concurso de méritos e consistirá na avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, ao amparo do previsto no baremo (ANEXO I) destas bases

Corresponde ao Tribunal de Selección realizar a baremación dos méritos alegados polos candidatos atendendo os Baremos que se adxuntan as presentes Bases de Selección.

A relación de candidatos coa puntuación provisional correspondente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (<https://cambados.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Oficina de Emprego de Cambados, establecendo prazo dun día habil para formular alegacións a este respecto.

Rematado o prazo de alegacións, e unha vez resoltas de ser o caso, publicarase a lista definitiva dos candidatos por posto e por orde de puntuación, a lista de reserva así como a proposta de contratación, con indicación do módulo formativo que en cada caso corresponda.

Séti ma.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán os seguintes e atendendo a este orden:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a maior idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

Oitava.- LISTA DE RESERVA.

A lista de reserva empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo

Novena.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES

Unha vez finalizado o proceso selectivo procederase a formalizar o contrato de traballo cos candidatos seleccionados e que tiveran aceptado o posto expresamente mediante escrito de aceptación (Anexo III) .

Os contratos serán temporais de formación e aprendizaxe e por unha duración igual a do proxecto (9 meses) os que lles será aboado a contía equivalente o Salario Mínimo Interprofesional vixente e a parte correspondente as pagas extraordinarias de xullo e decembro.



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNOS-TRABALLADORES.

- 1.- MULLERES1 pto.
- 2.- IDADE
- . 18 - 29 anos2 pto.
 - . 30 - 44 anos 3 pto.
 - . 45 ou máis 4 pto.
- 3.- DISCAPACIDADE
- Minusvalía \geq 33%1 pto.
(Sempre que poidan realizar os traballos)
- 4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO
- Perceptores de desemprego 1 pto.
 - Perceptores de subsidio ou axudas*2 pto.
 - Ingreso Mínimo Vital, Rai, Prepara, Activa, Risga..... 2 pto.
 - Non perceptores3 pto.
- 5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (acreditarse coa vida laboral actualizada)
- Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante
- Menos de 12 meses1 pto.
 - Máis de 12 meses 2 pto.
 - Máis de 18 meses...3 pto.
- 6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social....1 pto
- Factores ponderados polos servizos sociais do Concello no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.
Informe de servizos sociais.
- 7.- Formación académica
- Ata graduado en ESO..... 3 pto.
 - Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 pto.
 - FP de ciclo superior..... 1 pto.
 - Títulos universitarios0,5 pto.
- 8.- Outros
- Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....2 pto
- (Aportar Certificado ou xustificante)
- ◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente



ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA

D.....
veciño/a de con domicilio
encon DNI
nº, con data de nacemento, e teléfono de
contacto nº

Interesado no concurso convocado para cubrir un posto de Alumno/a-traballador/a do Obradoiro de Emprego "CAMBADOS RUTA XACOBEO CAMIÑO DE SANTIAGO", mediante contratación cun contrato de formación, ante a Sra. Alcaldesa comparece e,

EXPÓN:

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria e acepta o seu contido e, sendo preseleccionado pola Oficina de Emprego de Cambados,

SOLICITA:

Ser admitido ao concurso de méritos convocado para cubrir mediante contrato laboral de formación dun posto convocado polo Concello de Cambados de ALUMNO-TRABALLADOR .

Pola presente autorizo ao Concello de Cambados para obter os datos necesarios que acrediten os méritos alegados no procedemento ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Cambados, a ____ de _____ de 2020

O/a Interesado/a



ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____

DECLARO (Marcar cun "X"):

a) Que son vítima de violencia de xénero:

- SI (Necesaria acreditación)
 NON

b) Que teño unha discapacidade superior ao 33 %:

- SI (Necesaria acreditación)
 NON

c) Participación como alumno-traballador noutro obradoiro

- SI
 NON

d) Que realizo un Itinerario de Inserción Profesional.

- SI
 NON

e) Que son perceptor da seguinte prestación

- Prestación por desemprego
 Subsidio por desemprego ou axudas
 Ingreso Mínimo Vital, Risga, Prepara, Activa, Rai,
 Non percibo axudas.

Cambados, a _____ de _____ de 2020



ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____ Nome _____
DNI _____ Teléfono de contacto _____ Correo _____

Como candidato seleccionado para o posto de ALUMNO-TRABALLADOR do módulo de

XARDINERIA- FORESTAL

ALBANELERIA

do Obradoiro de Emprego "CAMBADOS RUTAS XACOBEAS CAMIÑO DE SANTIAGO."

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

_____, _____ de _____ de 2020

Sinatura:

